

MEMORIA ECONÓMICA E XUSTIFICATIVA SOBRE O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE, EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O DESENVOLVEMENTO DOS GRUPOS DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAIS

ANTECEDENTES

O día 21 de decembro de 2018 o Consello da Xunta de Galicia autorizou a subscripción do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e as Deputacións Provinciais en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais, que contén unha autorización de gasto de carácter plurianual, ao abeiro do artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, que abrangue as anualidades de 2019, 2020 e 2021.

O día 26 de decembro de 2018 asinouse polas partes o referido convenio de colaboración, que ten por obxecto a colaboración das distintas institucións participantes en orde a completar o mapa de emerxencias de Galicia mediante o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES), como grupos operativos en emerxencias de ámbito supramunicipal, para a realización das funcións previstas na cláusula cuarta do propio convenio.

O día 16 de marzo de 2021 asinouse unha addenda ao dito convenio, co obxecto de modificar varias cláusulas e anexos para dar cumprimento aos acordos tomados en diferentes sesións da Comisión Mixta de Seguimento do convenio.

O convenio, , tiña un período de vixencia desde o ano 2019 ata o ano 2021. Xa que o dito convenio remata o 31/12/21, enténdese necesario tramitar un novo convenio a fin de garantir a prestación de servizo dado polos GES.

Na reunión mantida entre representantes da Xunta de Galicia, da Deputación Provincial de Ourense e da FEGAMP para elaborar unha proposta de convenio de colaboración para o mantemento dos GES con sede nos concellos desta provincia, acordouse:

- Completar todas as sedes dos GES ata chegar a 12 persoas e todas elas, o que supón un incremento de 2 persoas nos GES de Lobios e Ribadavia, de 3 persoas en Muíños e Avión e de 6 en Laza. Modificar os ámbitos de actuación nos GES de Lobios, Muíños, Laza e A Gudiña. Isto debe supoñer ademais do





incremento de gastos de persoal, equiparar os gastos de funcionamento que se elevarán ata os 30.000€ para todos os GES.

- Incrementar en 40.000€ o custo anual dos GES, respectando as porcentaxes de cofinanciamento recollidas no actual convenio: 52,5% Xunta de Galicia, 40% Deputación Provincial e 7,5% concellos.
- Equiparar o curso anual dos servizos municipais ao custo anual dos GES, que tralo incremento recollido no punto anterior será de 320.000€ ao ano.

OBJECTO DO CONVENIO

Está previsto formalizar entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a Consellería de Medio Rural, a Deputación Provincial de Ourense e a FEGAMP un convenio de colaboración en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos GES durante os anos 2022, 2023 e 2024, que terá por obxecto colaborar no desenvolvemento de 11 GES, para completar o mapa de emerxencias da provincia de Ourense; a participación dos mesmos en tarefas de prevención de incendios e a colaboración na extinción de incendios forestais.

RAZÓNS QUE ACREDITAN O PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA

En relación co disposto no artigo 40.2.a) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, as razóns que acreditan o interese público e polo tanto a concesión directa destas subvencións están acreditadas, posto que a realización do maior número posible de actuacións benefician non só ás administracións asinantes, senón á cidadanía en xeral, pois estas tarefas contribúen a minorar e mesmo a evitar as consecuencias económicas e ambientais das emerxencias e dos incendios forestais.

ACHEGA ECONÓMICA PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS

Os GES están financiados polas seguintes partes asinantes do convenio:

- A Xunta de Galicia a través da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Consellería de Medio Rural
- A Deputación Provincial de Ourense
- As entidades locais que se adhiran a este convenio

A contribución ao financiamento da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, en materia de emerxencias para os GES e Servizos Municipais fixarase en:

1. Para o financiamento dos servizos municipais: cento cincuenta e dous mil douscentos cincuenta euros (152.250 €) para o ano 2022, cento cincuenta e





dous mil douscentos cincuenta euros (152.250 €) para o ano 2023 e cento cincuenta e dous mil douscentos cincuenta euros (152.250 €) para o ano 2024, financiándose con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta cantidade será financiada pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, con cargo á aplicación orzamentaria 05.25.212.A.460.1.

2. Para o financiamento dos gastos de funcionamento dos GES e servizos municipais (gastos correntes en bens e servizos), a Dirección Xeral de Administración Local achegará cento oitenta e nove mil euros (189.000€) para o ano 2022, cento oitenta e nove mil euros (189.000,00€) para o ano 2023 e cento oitenta e nove mil euros (189.000,00€) para o ano 2024, con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141.A.461.1.

A contribución ao financiamento da Consellería do Medio Rural en materia de extinción de incendios, para os GES, fíxase en un millón seiscentos catro mil trinta e cinco euros con setenta e tres céntimos (1.604.035,73 €) para o ano 2022, un millón seiscentos catro mil trinta e cinco euros con setenta e tres céntimos (1.604.035,73 €) para o ano 2023 e un millón seiscentos catro mil trinta e cinco euros con setenta e tres céntimos (1.604.035,73 €) para o ano 2024, financiándose con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta cantidade será financiada pola Dirección Xeral de Defensa do Monte, con cargo á aplicación orzamentaria 14.02.551.B.760.0 código de proxecto 2011 00771. A Dirección Xeral de Defensa do Monte librará un pagamento anticipado do 100% de cada anualidade logo da solicitude da entidade local. O pagamento anticipado do ano 2022 realizarase trala sinatura do convenio e o dos anos seguintes no primeiro trimestre de cada ano.

O beneficiario destas axudas serán as entidades locais nos que se sitúan as sedes e as subsedes dos GES segundo o reparto do Anexo II.

En consecuencia, a contribución anual da Xunta de Galicia ao financiamento deste convenio en materia de emerxencias e extinción 1.945.285,73 €.

A contribución ao financiamento por parte dos concellos será efectuada directamente por cada entidade local aos traballadores contratados, con cargo aos seus respectivos orzamentos na contía que lle corresponde, segundo o anexo II ascende a un total de 288.000,00€, no ano 2022; 288.000,00€, no ano 2023 e 288.000,00€, no ano 2024.

A contribución ao financiamento dos GES e Servizos Municipais da Deputación Provincial de Ourense é de 1.536.000,00€ en 2022, 1.536.000,00€ en 2023 e 1.536.000,00€ en 2024.

A Consellería do Medio Rural para a realización das actuacións en materia de prevención de incendios forestais achega ao presente convenio setenta mil setecentos catorce euros con vinte e sete céntimos (70.714,27€) para o ano 2022,





setenta mil setecentos catorce euros con vinte e sete céntimos (70.714,27€) para o ano 2023 e setenta mil setecentos catorce euros con vinte e sete céntimos (70.714,27€) para o ano 2024, que serán cofinanciados con fondos FEADER, con cargo á aplicación orzamentaria 14.02.551.B.760.0 - 2016 00212, de acordo co especificado no anexo IV.

A porcentaxe a subvencionar será do 100% do investimento elixible ou subvencionable, sometida a unha cofinanciación do 75% de fondo FEADER, dun 7,5 % pola Administración Xeral do Estado (AXE) e nun 17,50% pola Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela, data da sinatura electrónica

O director xeral de Defensa do Monte
Manuel Rodríguez Vázquez

